

PRESENTACIÓN DA APLICACIÓN FIDES ÁS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS

Santiago de Compostela 20/12/23

FIDES: Un cambio moi necesario e reivindicado polo sindicato para estar a altura dos tempos nos que vivimos.

Comprometida unha reunión informativa sobre o FIDES Xunta cando se debateu a regulación do expediente electrónico realizase hoxe.

A primeira cuestión a destacar é que **aínda que se introduzan datos, non se van a validar, ata o 6 de xaneiro de 2024, e se irá validando en base a procesos de estabilidade ou concurso segundo a prioridade de execución.**

Polo tanto **recomenda esperar** a que se complete o deseño do aplicativo e que a medida que se **anuncien a apertura de prazo para méritos de un proceso convocado**, iranse validando todos os méritos das persoas que os aporten en participen neses procesos seguindo a prioridade da execución dos mesmos.

Incorpora toda a información do Rexistro Central de Persoal, do Portax, da EGAP e de ACIS, e as persoas interesadas poderán revisar e completar, pero non se validará si o fan agora, coa AGASP e outros organismos están en vías de poder obter conexión entre os sistemas informáticos.

A formación doutros organismos que sexa puntuable nun proceso de estabilidade ou traslado que non sexa EGAP ou ACIS, validaraas si se presenta e é baremable segundo a convocatoria si leva CSV ou código QR que permita a verificación, e cando un curso se incorpora xa entra no catálogo do FIDES e se valora para todo o persoal que a continuación o presente. Coa experiencia ou calquera outro mérito sucederá igual, ten que ser certificación autenticada.

Haberá guías para os departamentos de persoal e tamén para o persoal empregado público, trátase dunha ferramenta similar ao FIDES Sergas polo que esperan os sexa útil e permita axilizar todos os procesos selectivos, de estabilidade, traslados, listas de contratación, etc.

Ata o 18 de decembro non se completou o aplicativo en apartado de experiencia e titulacións, pero insistirvos por último en que a partir do 6 de xaneiro comeza a validación pero seguindo a prioridade dos procesos convocados e non o do resto aínda que xa se suban agora méritos non se validaran.

Seguiremos informando.....



ESQUEMA DA PRESENTACIÓN SOBRE O CONTIDO DE FIDES

O expediente electrónico é o instrumento onde se integran:

- Datos persoais e identificativos
- Datos académicos ou profesionais.
- Calquera outro necesario para a xestión de persoal.

Que información se incorpora ao expediente:

- Os datos persoais e curriculares existentes nos sistemas de xestión de persoal.
- As actualizacións que faga a persoa interesada.
- A información que conste en poder de calquera outra administración pública.

Quen incorpora a información ao expediente:

- A Consellería con competencias en materia de función pública.
- As consellerías e entes respecto do persoal dependente destas.

Como se accede ao expediente:

- A través de FIDES (<https://fides.xunta.gal>)

Quen pode acceder ao expediente:

- A persoa interesada (titular dos datos).
- O persoal usuario (encargado da xestión de recursos humanos).
- O persoal validador (encargado de comprobar e actualizar os datos).
- O persoal catalogador (encargado de clasificar a información)

Identificarase individualmente ao persoal que acceda ao expediente electrónico e estableceranse medidas de control e auditorías para preservar a confidencialidade dos datos.

Como se clasifica a información do expediente electrónico:

- Datos persoais (información de identificación e contacto da persoa interesada).
- Formación (titulacións académicas oficiais e formación continua).
- Experiencia profesional (servizos prestados como persoal empregado público na AXXG ou EPI's do 45. a da LOFAXGA ou de calquera outra AAPP).
- Actividade docente (impartida pola persoa interesada relativa á formación continua, especializada e universitaria ou non universitaria).
- Idiomas (CELGA, Linguaxe administrativa, outros idiomas).
- Actividade investigadora (proxectos de investigación, publicacións, premios e outras actividades relacionadas coa AAPP, escala ou especialidade).
- Carreira administrativa ou complemento de desempeño.
- Compatibilidades.
- Representación do persoal.
- Outros méritos.

Estados nos que se visualiza a información do expediente electrónico:

- **Pendente de presentar ou tramitar** (introducida pola persoa interesada ou pola persoa usuaria e que está pendente de presentar a solicitude de actualización e a acreditación documental, presentada pola persoa interesada nun rexistro presencial e pendente de tramitar).
 - **En trámite** (introducida pola persoa usuaria ou interesada e pendente de tramitar).
 - **Validada** (acreditada documentalmente e verificada polo persoal validador).
 - **Duplicada**.
 - **Acreditación documental incompleta** (cando os documentos acreditativos son insuficientes para acreditar un mérito).
 - **Descartada** (cando os documentos acreditativos presentados non gardan relación directa co mérito que se solicita incluír).
 - **Non catalogada** (non se pode clasificar no expediente)
- Co avance da implantación, poderanse incorporar outros estados.

Actualización / modificación da información do expediente electrónico:

- Cando se dispón de **copias electrónicas auténticas** faise **obrigatoriamente** a través de **FIDES**.
- En **caso contrario**, farase de xeito **presencial**, acompañada dos documentos acreditativos en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015.
- A **data de presentación da solicitude de actualización ou modificación determina a consideración de méritos ou requisitos** para os procesos de provisión, selección, desenvolvemento profesional e outros.

